III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

RESOLUCIÓN do 18 de outubro de 2019 pola que se modifica a Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dos programas de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se convocan para o ano 2019, con carácter plurianual (código de procedemento VI422E).

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 143, do 30 de xullo de 2019, publicouse a Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dos programas de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se convocan para o ano 2019, con carácter plurianual (código de procedemento VI422E).

No punto 6 do ordinal vixésimo terceiro, Xustificación da subvención, indícase que «en ningún caso se admitirá a presentación de documentación xustificativa, parcial ou final, da subvención con posterioridade ao 30 de novembro de cada unha das anualidades comprendidas na resolución de concesión, salvo que o requirimento sinalado no número anterior se fixese dentro dos dez (10) días anteriores a esa data».

Esta resolución de modificación das bases reguladoras destes programas ten como finalidade permitir a ampliación do prazo de presentación da documentación xustificativa, tanto parcial como final, da subvención, nos supostos en que concorran circunstancias que imposibiliten a resolución dos correspondentes expedientes coa debida antelación á citada data. Esta ampliación de prazo da xustificación da subvención realizarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

Único. *Modificación da Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dos programas de fomento de mellora da eficacia*

CVE-DOG: nktkjk39-vfh5-bnj6-zpy5-4n424xswro37

enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se convocan para o ano 2019, con carácter plurianual (código de procedemento VI422E)

O punto 6 do ordinal vixésimo terceiro, Xustificación da subvención, queda redactado como segue:

«En ningún caso se admitirá a presentación de documentación xustificativa, parcial ou final, da subvención con posterioridade ao 30 de novembro de cada unha das anualidades comprendidas na resolución de concesión, salvo que o requirimento sinalado no número anterior se fixese dentro dos dez (10) días anteriores a esa data. Non obstante, cando concorran circunstancias que así o xustifiquen, poderase demorar a citada data mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que terá efecto logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*».

Esta resolución producirá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2019

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

CVE-DOG: nktkjk39-vfh5-bnj6-zpy5-4n424xswro37